

Así o sinalou esta tarde o museólogo arxentino Carlos Fernández Balboa, no marco do curso "Museografía e Interpretación do Patrimonio Natural" impartido no CEIDA

"Nun museo débense vivir experiencias que impliquen ós cinco sentidos do ser humano"

- O módulo continuará mañá entre as 10.00 e as 18.00 horas

Oleiros, 11 de marzo de 2008. As exposicións meramente contemplativas cubren unha cota moi baixa das expectativas dun turista que visita un museo. Desta forma, e segundo expuxo esta tarde no Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental (CEIDA) o museólogo arxentino Carlos Fernández Balboa, a premisa para que se cumpla a principal función dun museo é "que o visitante viva experiencias nas que implique o uso dos cinco sentidos co fin de que o enriquecemento persoal sexa o máximo posible". Neste senso, é necesario "o contacto directo cos obxectos e cos investigadores", así coma "ter acceso á información de primeira man".

Por outra banda, "os diseñadores dun espazo expositivo non deben presupoñer que un visitante entende de arte", senón que este ten que ser unha "porta de apertura a unha colección determinada". Así e tal como exemplarizou o museólogo arxentino no marco do primeiro módulo do curso *Museografía e Interpretación do Patrimonio*, "unha galería que conta cun cadro de Goya, podería proxectar nese mesmo espazo un documental ou película na que se explicase quen é o pintor e que aportou neste campo".

Neste orde de cousas, Fernández Balboa quixo incidir na idea de que "un museo debe estar vinculado ao servizo de todos e de cada un dos seus visitantes". De feito, así o recolle a definición internacional de museo, isto é, "institución permanente sen fins de lucro ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento que conserva os bens materiais do home e o seu contorno".

A modo de conclusión, o relator interpretou a figura do museo como que debe congrega os elementos de "investigar, conservar, educar, dar a coñecer, e conseguir o disfrute e deleite cultural do visitante".

Obxectivos e destinatarios

Este curso de *Museografía e Interpretación do patrimonio* pretende mostrar distintas iniciativas nas que a interpretación serve para mellorar a xestión e o deseño de exposicións en museos e espazos expositivos, así como analizar experiencias exitosas na comunicación amena e comprensible dos valores dunha colección, exposición, xacemento ou elementos de interese natural e cultural.

O perfil dos arredor de cincuenta asistentes que participan desde hoxe ata mañá neste curso correspóndese basicamente co de arqueólogos, conservadores, educadores ambientais, guías e monitores turísticos e de museos, animadores socioculturais, técnicos en medioambiente e turismo dos concellos, así como estudantes de turismo.

Relator

Carlos Fernández Balboa é o encargado de impartir este módulo que se centra no patrimonio natural. Fernández Balboa é licenciado en museoloxía pola Universidad del Museo Social Argentino de Bos Aires. Traballa como coordinador de Educación Ambiental da Fundación Vida Silvestre Argentina e é profesor de museoloxía e interpretación do patrimonio no Instituto de Turismo CEPEC, na Escuela Nacional de Museología e no Centro Internacional para la Conservación del Patrimonio (CICOP), ademais de participar como relator e coordinador de numerosos seminarios nacionais e internacionais.

Este curso está formado por un segundo módulo que se centrará na museografía e interpretación do patrimonio cultural, que se celebrará os días 25 e 26 de abril e que será impartido pola conservadora e fundadora do Museo da Torre de David – O Museo da Historia de Xerusalén, **Renée Sivan**.

Os interesados poderán obter máis información en www.ceida.org, formacion@ceida.org ou no teléfono 981 630 618.

Saúdos,

Área de Información e Comunicación do CEIDA.